



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2018-2019 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional.

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (*Diario Oficial de Galicia* n.º 131, do 11 de xullo de 2017). No seu apartado segundo establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 14 de marzo de 2018 (*DOG* do 21 de marzo), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo cuarta da citada convocatoria.

Con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésima cuarta da citada Orde do 14 de marzo de 2018,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2018-2019 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional, coa inclusión das persoas participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 14 de marzo de 2018 con dereito a incorporación ás correspondentes listas.

Segundo.- Aprobar as relacións provisionais de persoas excluídas das listas indicadas no apartado anterior, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro.- Ordenar a publicación das listas provisionais e das relacións provisionais de persoas excluídas no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.gal. Xunto coas listas ordenadas das novas incorporacións publicaranse, para os meros efectos informativos, as listas completas por especialidade.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Cuarto.- As persoas participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 14 de marzo de 2018 con dereito á incorporación na correspondente lista poderán formular alegacións ás listas provisionais ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinto.- Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

